

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Contratos administrativos

CONTRATACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO E RÍAS BAIXAS 2017-2019

1. Entidade que adxudica:

Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Turismo. Nº expediente: 6628-104.

2. Obxecto do contrato:

A promoción turística da cidade de Vigo e das Rías Baixas en mercados turísticos vencellados ca area mediterránea peninsular e insular, co obxectivo de atraer turistas procedentes destes mercados, a través do establecemento de conectividade aérea directa dende Valencia, Palma de Mallorca e Ibiza coa cidade de Vigo e, o desenvolvemento de accións de promoción turística.

Lugar de execución: Vigo

Prazo de execución: 32 meses. En calquera caso, o contrato finalizará o día 31 de decembro de 2019. Prórroga: non

3. Tramitación e procedemento

Tramitación: Ordinaria.

Procedemento: Aberto.

4. Orzamento base:

608.264,46 euros.- IVE a soportar pola administración: 127.735,54 euros.- Orzamento total: 736.000 euros.

5. Garantías esixidas

a) Provisional: non se esixe. b) Definitiva: si (5% do prezo de adxudicación de cada lote do contrato excluído o IVE). c) Complementaria: non.

6. Obtención da documentación e información:

www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.



7. Requisitos específicos do contratista:

a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Declaración da cifra global de negocio no ámbito de actividades correspondentes ó obxecto do contrato expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan ó obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario

8. Presentación de Ofertas:

Prazo: o prazo rematará ós 15 días seguintes ó da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG.

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei num 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. Apertura Ofertas técnica e económica:

Entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións:**11. Páxina web para obtención de información:**

www.vigo.org

Vigo, 29 de marzo de 2017.—O Concelleiro delegado de Contratación, P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015), David Regades Fernández.

